

Bases do premio “Gradiant” á mellor tese doutoral aplicada ao sector TIC 2013

Convocatoria

A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA (AETG) convoca o premio “Gradiant” á mellor tese doutoral aplicada ao sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions 2013, patrocinado pola FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DAS TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA (GRADIANT).

Coa concesión deste premio preténdese fomentar a realización de teses doutorais como vehículo de xeración de coñecemento e recoñecer a aqueles investigadores das universidades galegas que teñan completada a súa tese doutoral nun eido aplicable ao sector TIC.

A convocatoria farase pública na páxinas web www.aetg.org e www.gradiant.org e nas notas de prensa que se remitirán aos distintos medios de comunicación.

1. Obxectivo do premio

O obxectivo do premio é recoñecer a excelencia dunha tese doctoral aplicada ao sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) que destaque nalgunha das áreas seguintes:

- Posibilidade de transferencia tecnolóxica:

Xeración de propiedade intelectual

Licencias

- Orientación ao negocio

En definitiva, valorarase a transferencia de coñecemento ao sector das TIC, xustificada de maneira obxectiva mediante patentes, licencias, aportacións demostrables a produtos ou servizos, spin-offs, etc.

2. Dotación do premio

A dotación do premio é de 2.000 Euros. O xurado poderá decláralo deserto en caso de que as teses presentadas non reúnan a calidade suficiente ou non cumpran os requisitos da convocatoria.

3. Ámbito da convocatoria

Poden concorrer ao premio todas aquelas persoas que teñan defendido a súa tese nalgunha das tres universidades galegas durante os anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

4. Documentación a aportar

Aquelas persoas que desexen optar ao premio deben aportar a seguinte documentación:

- Ficha resume da tese (según modelo).

- Resumo da tese indicando as razón porque debe ser premiada (dous folios).

5. Presentación e prazo de entrega

Ambos documentos enviaráanse por correo electrónico ás direccións:

aetg@aetg.org

administracion@coetg.es

Indicando en Asunto: “**Premio Gradiant**”.

O prazo de recepción das memorias rematará o 16 de setembro de 2013 ás 9.00h.

6. Composición do xurado e procedemento de concesión do premio

O Xurado encargado da adxudicación do premio estará formado por seis membros: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario e dous Vogais. Exercerá como Presidente e Vicesecretario do Xurado dous membros da Fundación Gradiant e como Vicepresidente e Secretario dous membros da AETG que designe a Xunta Directiva. Os dous Vogais poderán ser representantes da Xunta de Galicia, empresas, fundacións e asociacións das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, que serán nomeados conxuntamente entre a AETG e a Fundación Gradiant.

A decisión do xurado será inapelable.

7. Publicación do fallo e entrega do premio

A entrega do premio farase durante o transcurso da XVIII Noite Galega das Telecomunicacións e a Sociedade da Información 2013.